

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 47/2016.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesiós da Casa do Concello o vindeiro día **28 de xaneiro de 2016 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 23 de novembro de 2015.
2. Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 23 de novembro de 2015.
3. Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 26 de novembro de 2015.
4. Aprobación da modificación do proxecto técnico denominado "Reforma praza de abastos 2012" incluído na sexta fase do programa provincial de modernización dos mercados locais dirixidos aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e Sar.
5. Aprobación do Convenio de colaboración entre os Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do programa integrado de emprego Terras de Iria III 2016-2017.
6. Moción presentada por CIPa sobre o deterioro do casco histórico.
7. Moción presentada por CIPa sobre vertidos de augas residuais .
8. Moción presentada por PGD, PSG-PSOE, AxP, BNG e CIPa sobre medidas a adoptar no casco histórico.
9. Moción presentada por PSG-PSOE sobre a falla de mantemento dos contedores e anclaxe dos mesmos.
10. Moción presentada por PSG-PSOE sobre a presenza de feces/excrementos de cans nas rúas.
11. Moción presentada por PSG-PSOE sobre as inundacións.
12. Moción presentada por CIPa para mellorar o mercado dominical.
13. Moción presentada por PSG-PSOE sobre a presenza de auga en accesos ao CEIP Rosalía de Castro, CEIP Flavia e IES Camilo José Cela.
14. Moción presentada por PGD, PSG-PSOE, Veciños de Padrón, AxP, BNG e CIPa sobre o vaso da piscina municipal cuberta.
15. Moción presentada por PGD, PSdeG-PSOE, AxP, BNG e CIPa sobre a falla de elaboración dos orzamentos municipais.
16. Moción presentada por Veciños de Padrón sobre a situación de todas as instalacións deportivas municipais.
17. Moción presentada por Veciños de Padrón sobre a elaboración dunha relación de postos de traballo.

18. Moción presentada por PGD, PSG-PSOE, Veciños de Padrón, AxP, BNG e CIPa sobre a modificación do Regulamento orgánico municipal.
19. Moción presentada por PGD sobre as paradas do autobús escolar.
20. Moción presentada por PGD, PSG-PSOE, AxP e CIPa sobre a entrega das actas das sesións da Xunta de Goberno Local no prazo legalmente establecido.
21. Moción presentada por PSG-PSOE sobre a falla de mantemento das instalacións e recinto deportivo de Extramundi.
22. Moción presentada por AxP sobre as vallas publicitarias no campo de O Souto.
23. Moción presentada por AxP sobre Campo de Traballo Internacional "Padrón no camiño".

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO


24. Dación de conta da Resolución do Alcalde de modificación dos membros da Xunta de Goberno.
25. Dación de conta da Resolución do Alcalde de modificación do nomeamento de Tenentes de Alcalde.
26. Dación de conta da Resolución do Alcalde de modificación das delegacións de Competencias nas persoas membros da Xunta de Goberno.
27. Dación de conta das resolucións adoptadas pola presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención Municipal. Reparos 16 a 19.
28. Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 777/2015 á número 866/2015 e das Resolucións do Alcalde da número 001/2016 á número 033/2016.
29. Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 25 de xaneiro de 2016

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min



Asdo. Ana María Ares Álvarez